

Obxectivo xeral

Que o noso arceprelado, pola renovación do noso compromiso bautismal, camiñe cara unha maior comunión e unha mellor misión evanxelizadora.

b) Obxectivos específicos:

Fomenta-la formación dos distintos axentes de pastoral

Fomentar e coída-la comunión entre os membros do arceprelado.

Animar a unha maior acción evanxelizadora e compromiso dos diferentes axentes de pastoral

Achegarse ás realidades máis desfavorecidas da nosa zona.

Medios para acadar estes obxectivos:

Formación

a) Sacerdotes: tódolos primeiros martes de mes, xuntanza de formación traballando o plan da Delegación do Clero

b) Leigos:

+ Catequistas: coída-las xuntanzas parroquias de catequistas. Presentación do novo Directorio Iniciación Cristiã (DIC)

+ Escola de Axentes de Pastoral: animar á participación.

+ Contactar coa delegación de Vida ascendente para coñecer este movemento e tentar formar algún grupo

+ Fomenta-la participación nas actividades para leigos na diocese

+ catequese: adaptación ó novo DIC en todo o arceprelado

Comunión

a) Sacerdotes:

+ reunións diocesanas: retiros co Bispo, xuntanzas das Delegacións diocesanas, Día de S. Xoan de Avila,...

+ reunións arcepreladas:

1º martes: formación e pastoral

3º martes: retiro

convivencias

+ colaboración fraterna, tamén cos curas da diocese de Lugo cercanos á nosa zona

+ atención ó clero maior ou enfermo.

b) Consello Pastoral:

+ 1ª Asemblea plenaria: 7 novembro no Centro parroquial de Vilalba. 10.30 h

+ 2ª Asemblea plenaria: ó remata-lo curso

c) Encontros leigos/as:

+ Convivencias de oración:

Advento: 5 decembro. Seminario de Mondoñedo. 10.30 h.

Coresma: 6 marzo (III Coresma)

Pascua/Pentecostés: 15 maio (VIII Pascua)

+ Peregrinacións: a Compostela (a concreta-la data)

+ Cáritas arcepreladas: xuntanzas periódicas en Vilalba. Fomentar máis grupos das diversas zonas

+ Pastoral da saúde: presentala por zonas

Misión

a) Pastoral xuvenil

+ creación dun equipo arcepreladas de animadores que traballan neste campo

+ coída-la formación destes axentes (a concretar periodicidade)

b) Convivencias

+ organizar convivencias cos rapaces de confirmación a nivel arcepreladas

c) Grupo de confirmación de adultos (maiores de 18 anos)

+ grupo en Bretoña

+ grupo en Vilalba: iníciase o 26 de novembro ás 21.00 h no Centro parroquial de Vilalba

d) Pastoral familiar

• Encontros de Noivos: celebraranse en Vilalba segundo o calendario establecido

• Ampliación do equipo que está animando estes encontros

e) Pastoral rural:

+ consolida-los grupos de Movemento rural que hai no arcepreladas

+ dar a coñecer este Movemento e animar á formación de grupos ó respecto.